

A SERRA DO SUÍDO E COSTAS DO ALÉN

O sistema fluvial do río Tea, que inclúe o río Alén, forma parte da rede Natura 2000, a rede de espazos naturais protexidos da Unión Europea. A excelente calidade das augas dos ríos e o seu bosque de ribeira autóctono dan lugar a un importante corredor ecolóxico que abrangue unha flora e fauna excepcionalmente diversa.

As 11.500 Ha da Serra do Suído están propostas como zona de ampliación da rede Natura. Nesta serra, o extremo meridional da dorsal galega, atopamos manchas de bosque autóctono e grandes extensións de hábitats seminaturais abertos, que en conxunto sosteñen as poboacións máis importantes de flora e fauna de montaña do sur da provincia de Pontevedra.

ENTRE 2010 E 2011, O CONCELLO DE COVELO ESTÁ A LEVAR A CABO UN PROXECTO DE CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL NA SERRA DO SUÍDO E NAS COSTAS DO RÍO ALÉN, CONTANDO CO APOIO DAS COMUNIDADES DE MONTES DE BARCIA DE MERA, CAMPO E FOFE. ABRANGUE 3 ÁREAS:

- 1. FACER UN INVENTARIO DAS ESPECIES E HÁBITATS DE MAIOR IMPORTANCIA ECOLÓXICA EN TODA A SERRA DO SUÍDO. PARA CONSERVAR MELLOR A LONGO PRAZO, É IMPRESCINDIBLE SABER MÁIS SOBRE O ESTADO ACTUAL DA BIODIVERSIDADE.*
- 2. REALIZAR UNHA SERIE DE ACCIÓNS PRÁCTICAS EN SETE DIFERENTES LUGARES NOS MONTES VECIÑAIS DE CAMPO, FOFE E BARCIA DE MERA, PARA MELLORAR A CALIDADE DALGÚNS DOS HÁBITATS MÁIS IMPORTANTES.*
- 3. ACTIVIDADES E MATERIAIS COMPLEMENTARIOS PARA INFORMAR, SENSIBILIZAR E ANIMAR A PARTICIPACIÓN DE VECIÑOS E DO PÚBLICO XERAL NESTA IMPORTANTE APOSTA PARA A CONSERVACIÓN DO VALOR NATURAL DO SUÍDO.*

O PROXECTO É POSIBLE GRAZAS A UN PREMIO RECIBIDO DA REDE +BIODIVERSIDADE 2010 DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Hoxe, 250 millóns de anos despois da formación dos seus granitos, atopamos no Suído unha serra de apenas 1.000m de altitude e con formas suaves, pero con enorme importancia para o clima, a hidroloxía, a paisaxe e a ecoloxía do sur de Galicia. É debido ao Suído que tantas fronteas procedendo do atlántico descargan as súas augas nesta zona, convertíndoa nunha das serras máis chuviosas da Península Ibérica. É o Suído que define as tres concas hidrográficas do Tea, Avia e Verdugo-Oitavén, e que marca o límite entre a franxa costeira e o interior, entre as provincias de Pontevedra e Ourense.

A paisaxe e a vexetación que observamos hoxe é, en parte, produto destes factores naturais: dos solos areosos, do clima suave, da abundante auga durante 9 meses do ano. Mais tamén é resultado da interacción do ser humano con este medio, desde que os primeiros poboadores chegaron aquí hai polo menos 4.000 anos e comezaron a aclarar os bosques primarios. Durante milenio os covelenses vivían do monte, dependían del, e o monte, tal como o coñecemos, dependía da xente e da súa actividade agrogandeira.

No último século esta relación home-medio cambiou. Agora hai menos xente no rural, e a vida tradicional agrogandeira é cada vez menos común. A paisaxe responde ao abandono. O mato medra, o bosque rexenera, a fauna cambia. Mais tamén a cambiamos con novas actividades, con plantacións forestais e parques eólicos, actividades economicamente produtivas para os que as promoven, pero que non supoñen a mesma relación ou ligazón entre veciño e medio.

Nestes tempos de cambios queremos celebrar este patrimonio singular e diverso que herdamos. Para facer unha chamada cara a súa valoración. Para que a conservación dos seus valores naturais, na vez de servista como unha pega que impide o seu desenvolvemento, sexa recoñecida como parte imprescindible do noso futuro e dunha visión para o desenvolvemento sustentable da nosa comarca.



CONCELLO DE
COVELO



Arriba: Rega de Silvares, Covelo

Hoxe en día a Serra do Suído é terra de mato. Os bosques que ocupaban a serra antes de que chegou o home desapareceron por obra do lume, das cortas e do pastoreo, e no seu lugar dominan os diferentes tipos de matogueira. Non é todo o mesmo: no Suído temos polo menos sete asociacións distintas de mato, correspondendo ás diferentes condicións locais e tamén ás diferentes fases de substitución do bosque orixinal. Trátanse de ecosistemas seminaturais, e a súa formación e permanencia no tempo é a máis clara indicación da interacción entre o ser humano e a paisaxe.

Aínda que polo xeral o mato é o substituto do bosque, iso non quere dicir que necesariamente sexa ecoloxicamente inferior. De feito, a matogueira é o hábitat dalgúns dos nosos animais



Arriba: miñato común (*Buteo buteo*); tartaraña cincenta (*Circus pygargus*)
Abaixo: merlo rubio (*Monticola saxatilis*)

Esquerda: sapo común (*Bufo bufo*); corzo (*Capreolus capreolus*)
Abaixo: lobo (*Canis lupus*); xabarin (*Sus scrofa*); lebre (*Lepus granatensis*)



Non hai tanto o mato non foi visto como problema, senón como un recurso. Para a xente do rural o toxo era o alimento e o estrume dos animais, e coa combinación do gando, as cortas e as queimas controla-

das a serra mantívose nun diverso mosaico de pasteiros e matogueiras baixas.

Mais nos derradeiros 50 anos, a serra cambiou: hai menos xente no rural, e menos gando no monte. Os pasteiros convírtense en matogueira e os matos medran e comezan a suceder a bosque. Como consecuencia di-



O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE

A conservación dos hábitats abertos da serra depende en gran medida na boa xestión do gando. Ademais de ser un dos principais recursos económicos, os animais son a mellor forma de controlar o mato e limitar o risco do lume. Non obstante, a súa presenza descontrolada ameaza algúns dos ecosistemas máis fráxiles do Suído. No proxecto premiado pola Rede +Biodiversidade 2010 da F.E.M.P. estamos a restaurar 7 Ha de pasteiros tradicionais nos montes de Fofe e Campo, e instalando peches para protexer as zonas máis sensibles.

Na foto mírase o pasteiro de Fofe, onde fixemos desbroces selectivos en 5 ha para mellorar a calidade do pasto, e protexemos as zonas húmidas de turbeira e matogueira higrófila do gando. Tamén plantamos dous rodaís de bosque montano, e acondicionamos un antigo abrevadero como hábitat para anfibios.



A SERRA DO SUÍDO E COSTAS DO ALÉN as matogueiras

A S M A T O G U E I R A S



Arriba: carballeira termófila, costas do Alén*



De arriba a abaixo: ferreiriño rabilongo (*Aegithalos caudatus*); gaio* (*Garrulus glandarius*); azor (*Accipiter gentilis*)

A conservación do bosque: dous retos

Árbores de especies alóctonas están presentes na maioría dos rodais de bosque, sendo máis frecuentes os eucaliptos, os piñeiros e as acacias. De orixe forestal ou ornamental, son especies que arden facilmente. Tras o lume as súas sementes xermolan de forma masiva e medran rapidamente, ata que moitas veces dominan e impiden a vexetación autóctona. Cando medran en masas densas é só cuestión de

Para alcanzar a máxima biodiversidade, a moitos dos nosos bosques tamén lles falta tempo. Moita da fauna máis emblemática precisa de bosques máis maduros e heteroxéneos, nos que coexisten árbores senlleiras e moribundos con madeira en descomposición con exemplares novos derexeneración. Bosques onde zonas escuras con sotobosque de fentos e hedras atópanse

Cando retrocedeu o xeo ao final do último período glacial, hai uns 15.000 anos, as árbores invadiron as serras do sur da Dorsal Galega, e as carballeiras chegaron a cubrir case toda a serra do Suído. É a vexetación climax, o tipo de flora potencial que se correspondería coa zona se non interviñeran factores de perturbación como os lumes e as cortas.

Porén, esta máxima expansión dos bosques durou pouco. Desde tempos neolíticos as comunidades de pastores e agricultores que habitaron esta zona necesitaban terras de cultivo e pasteiros para o gando, e ao longo dos séculos, a acción humana relegou as árbores ás partes máis inaccesibles, ás beiras dos cursos fluviais e ás sebes entre terreos de cultivo. As únicas excepcións foron as “Fragas do Rei”, administradas polo Estado ata a desamortización. Hoxe en día podemos atopar restos destas carballeiras en Campo, Prado e A Graña.

O proceso de deforestación mantívose ata que no século XIX comezou á emigración do rural. A xente marchaba, o mato medraba ao abeiro do abandono dos

	Tipo de bosque	Especies principais	Onde velo?
Bosques da serra	Carballeira de montaña	carballo, acivro, bidueiro	Prado, Godóns, Fofe
	Carballeira mixta	cerquiño, carballo, acivro	Fonte Avia (Avión)
	Bidueiral	bidueiro, salgueiro, acivro	Camposancos - A Graña
Bosques das zonas baixas	Carballeira termófila	carballo, loureiro, estripeiro	Val do Alén
	Sobreiral	sobreira, carballo, loureiro	Chan de Mons, Barcia de Mera
	Amieiral	amieiro, salgueiro, freixo	Beiras do río Tea



Arriba: gato bravo (*Felis silvestris*); teixugo (*Meles meles*); vacaloura* (*Lucanus cervus*); podallirio* (*Ipheclides podalirius*)

O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE

Na Serra do Suído, nos montes veciñais de Campo e de Fofe, plantamos 3 diferentes rodais de bidueiral no contorno de diferentes regatos, con bidueiro, acivro e estripeiro. Só son pequenas extensións, pero nunha paisaxe de pasteiros e matogueiras a presenza de pequenos rodais de bosque trae moitos beneficios ecolóxicos.



Sobreiral, Chan de Mons*

Nas zonas máis baixas, restauramos 4 Ha de sobreiral en Chan de Mons e 2 Ha de carballeira nas costas do Alén. En ambos casos o traballo principal é a eliminación de eucaliptos e outras especies invasoras, o control do mato, e a plantación de árbores e arbustos autóctonos como o loureiro, a xilbarbeira e, no sobreiral, o érbedo.



A SERRA DO SUÍDO E
COSTAS DO ALÉN
os bosques



Arriba: Río Tea

Ao chegar a Galicia e atoparse coas serras de 1.000m de altitude, as fronte atlánticas, cargadas de humidade, descargan boa parte do seu contido. Así, as serras do Suído, Coto de Eiras e Faro de Avión son das zonas máis chuviosas da Península Ibérica, e as bacías hidrográficas do Tea, Oitavén-Verdugo e Avia, que a drenan, teñen unha abundosa provisión de augas limpas, ben oxigenadas e con poucos nutrientes. Son dos ríos mellor conservados do sur de Galicia, tanto pola calidade das súas augas, como polo bo estado das súas ribeiras, que manteñen amplos tramos de bosque de ribeira ben conservados, como pola diversa fauna que os habita. Ademais das funcións máis obvias de hábitat, de subministradores de auga potable, e mesmo como lugar de lecer, os ríos teñen unha función inestimable como corredores ecolóxicos entre distintas zonas xeográficas. O corredor do Alén e do Tea é o nexa entre o Suído e o Baixo Miño, o que permite o movemento de fauna e flora e o continuado funcionamento dos procesos naturais nunha provincia cada vez máis humanizada.



Arriba: salmón atlántico (*Salmo salar*)
Dereita: saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*)
Abaixo: lontra (*Lutra lutra*); merlo rieiro (*Cinclus cinclus*)

As augas limpas, o abundante alimento na forma de peixes, anfibios e invertebrados, as beiras naturais e o bo estado da vexetación ribeirá, xunto coa pouca presenza humana combinan para crear condicións ideais para outros vertebrados tamén. Mamíferos como a lontra (*Lutra lutra*) e o auganeiro (*Galemys pyrenaica*) comparten hábitat con diversos anfibios incluíndo especies endémicas como a ra patilonga (*Rana iberica*) e a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*). Entre as aves, ademais das moitas que proveñen doutros hábitats, atopamos especies que están sempre ligadas á auga: dende a elegante garza real (*Ardea cinerea*), ata diminutos pescadores como o picapeixe (*Alcedo atthis*) e o merlo rieiro (*Cinclus cinclus*).



Arriba: cabaliño do demo* (*Calopteryx maculata*)
Abaixo: tizón esmeralda (*Oxygastra curtisii*)



Nos ríos galegos viven máis de 1.300 especies de macroinvertebrados, incluíndo uns 200 endemismos. Os tramos altos dos ríos Tea e Alén son ideais para moitos deles, incluíndo especies pouco comúns e protexidas, como as libélulas tizón esmeralda (*Oxygastra curtisii*) e candil de Graslin (*Gomphus graslinii*).

O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE

No profundo val do río Alén, co seu denso bosque de ribeira, mantense un microclima protexido dos extremos de temperatura. Son condicións que permiten que sexa un dos poucos hábitats na provincia do fento Woodwardia radicans, especie subtropical e relicto do terciario, protexida pola Directiva Hábitats Europea. Só fican 3 ou 4 rodais deste fento en todo o val. Neste proxecto estamos a implantar un ambicioso e inovador programa de propagación in-situ de novas plantas de Woodwardia, coa subsecuente transplante a outros lugares do val.



A SERRA DO SUÍDO E COSTAS DO ALÉN

os ríos



Arriba: o musgo *Sphagnum**

Nas zonas chás da serra, onde asolagamentos, baixas temperaturas e escaseza de osíxeno fan que os procesos de descomposición da materia orgánica se vexan ralentizados, atopamos as turbeiras. Caracterízanse pola colonización da auga polo musgo *Sphagnum*, e pola acumulación de materia orgánica procedente destes musgos e doutros restos vexetais que forma a turba. Co paso do tempo, créase unha paisaxe con elevacións do terreo en forma de túmulos de turba e vexetación no entramado dunha rede de canles asolagados. Constitúen o ecosistema máis singular que se pode atopar nas nosas serras, moi limitadas na súa distribución, e son o hábitat para flora e fauna rara na Península Ibérica.

A pesares da súa distribución limitada, as turbeiras e brañas da serra teñen un papel fundamental sobre todo no ciclo hidrolóxico, ao funcionar a turba como unha enorme esponxa que retén a auga de choiva para liberala paulatinamente. No escenario actual, marcado polo quecemento global do planeta debido ao incremento nas emisións de CO2, as turbeiras tamén realizan unha función destacada como medios sumidoiros de carbono ao fixalo en forma de turba.

Hoxe en día a maior parte destes prezados hábitats fica estragada pola súa conversión en pasteiros e plantacións forestais de dubidosa rendibilidade. Son, sen lugar a dúbida, os ecosistemas máis necesitados de medidas de conservación e de proxectos de restauración da serra, tanto pola súa singularidade ecolóxica e rareza como polos servizos ambientais que prestan de balde á nosa sociedade.



Arriba: orballiña (*Drosera rotundifolia*)

Ademais do asolagamento e a falla de osíxeno, as plantas que sobreviven aquí teñen que adaptarse a ecosistemas extremadamente pobres en nutrientes. Algunhas, como a orballiña, suplementan a súa alimentación con pequenos insectos, capturados a través dos pelos pegañentos das súas follas.



Arriba: herba centella (*Caltha palustris*)

As turbeiras e outros pequenos humidais do Suído son puntos de auga aproveitados por numerosas especies de fauna, dende aves migratorias ata o propio gando doméstico. Mais teñen unha especial importancia para os 8 diferentes especies de anfibio da serra, xa que son os hábitats que necesitan para criar na primavera e verán.



Esquerda:
sapo corredor (*Bufo calamita*);
pintafontes verde* (*Triturus marmoratus*);
estroza (*Hyla arborea*)

Dereita: narciso (*Narcissus pseudonarcissus*);
herba de algodón* (*Eriophorum angustifolium*)



O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE

As turbeiras son ecosistemas moi fráxiles, e moitas delas no Suído están degradadas debido á súa conversión en pasteiros. Dentro do pastizal de Fofe, instalamos peches para evitar o acceso do gando a dúas zonas de turbeira, o que debería ser suficiente para a recuperación da diversidade de flora e fauna.

Ademais, estamos a facer unha serie de intervencións en depósitos, abrevaderos e graveras, para que estas estruturas, artificiais na súa orixe, poidan servir como hábitats de cría alternativos para os anfibios da serra. Se conseguimos que o nivel de auga mantense na primavera-verán, que haxa vexetación acuática, e que haxa unha entrada-saída fácil, os anfibios colonizarán.



Profundizando a charca da gravera en Portela das Travesas, Campo (esquerda) e abaixo o abrevadero e a turbeira pechada no pastizal de Fofe*.



A SERRA DO SUÍDO E COSTAS DO ALÉN os humidais



O P A T R I M O N I O

Na serra, a interacción home-medio reflíctese nas penedías, matos e pasteiros; nas terras baixas vémola na mestura de natureza e agro. Con todo, os hábitats que dominan a paisaxe non son o único vestixio da actividade agrogandeira dos nosos devanceiros. Na Serra do Suído e no Alto Tea estamos nunha terra rica en elementos do patrimonio cultural e etnográfico, dende as mámoas do Megalítico ata os muíños e chozos do século pasado.

O patrimonio cultural da serra

En todo a serra atopamos máis de 30 **chozos e chozas**, habitados temporalmente en tempos pasados polos pastores ao coidado do gando; nalgunhas, as parideiras, gardábanse tamén as reses acabadas de nacer. No contorno de moitos deles atopamos tamén os **sesteiros, curralas e cortellos**, cercos de pedra construídos para xuntar e protexer o gando. Ata mediados do século pasado veciños de cada casa facían quendas de 1-2 días para habitar o chozo e coidar o gando; con pastores contratados o costume seguía ata os anos 70 nalgúns casos.

Na serra tamén atopamos evidencia dunha loita máis activa contra o lobo. A construción de muros nas marxes de valgadas, en forma de funil e con-



Obras de enxeñería hidráulica tradicional:
levada e boca do inferno de muíños en Barcia de Mera*
(arriba); Puzo de Piñeiro (abaixo)



O patrimonio cultural da auga

A produción agrícola no verán depende nas posibilidades de regar, e a ampla rede de canles ou **levadas** e **pozas**, moitos deles xa abandonadas, é testemuño da extensión que acadou a cultura agrícola tradicional e da innovación dos covelenses.

O poder enerxético da auga foi aproveitado nos **muíños**, construídos para transformar os grans de centeo, millo e trigo en fariña. Nos numerosos ríos do Suído e do Alto Tea chegaron a traballar probablemente máis de 100 muíños, todos obras de verdadeira enxeñería hidráulica sen a sinatura dun enxeñeiro, e totalmente integrados no medio. A auga



Arriba: Ponte medieval sobre o río Alén*. Abaixo: pasos para cruzar o río Tea en Redondo



Paso a paso pola paisaxe: os vieiros

Outra mostra da inxenuidade e do traballo de enxeñería dos veciños de antano son os camiños. Ademais da rede complexa de carreiros locais, varios vieiros de longo percorrido e de importancia histórica como o Camiño da Brea, o Camiño dos Arrieiros e a Calzada do Alén, discorren por estas terras. Hoxe abandonados na súa maior parte e en moitos case esquecidos no tempo, no seu día comunicaban coa costa e co interior, comunicaban entre parroquias, e permitían o acceso aos campos de cultivo, aos



A SERRA DO SUÍDO E COSTAS DO ALÉN

o patrimonio etnográfico